

PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO DE FORMACIÓN PROFESIONAL

Convocatoria 2022

Toda a información en: <http://www.edu.xunta.es/fp/acceso-grao-medio>

REQUISITOS:

1. Non ter a ESO nin outro título que faculte para o acceso ao GM.
2. Ter 17 anos ou facelos ao longo do ano 2022.

INSCRICIÓN:

1. Cubrir a solicitude que aparece no seguinte enderezo e imprimila:
<https://www.edu.xunta.gal/ciclosprobas/PaxinalInicio.do>
2. Presentar a solicitude no IES Universidade Laboral (ou calquera outro centro que teña estudos de FP) entre os días 3 e 16 de marzo de 2022, ambos os dous incluídos, xunto coa documentación que nela se indica (que pode ser o DNI, certificado de recoñecemento de discapacidade, diagnóstico de TDAH, exención dalgunha parte....). O día 19 de abril haberá que comprobar a publicación do lugar de realización das probas; se presentades a solicitude no IES Universidade Laboral, o exame probablemente terá lugar nese IES.

A PROBA:

Realizarase o día 25 de maio de 2022. O lugar dependerá de onde entreguedes a solicitude. Cómpre levar:

- DNI SEN CADUCAR
- Copia selada da folla da solicitude.
- Bolígrafos de tinta negra ou azul.
- Calculadora científica non programable para a proba de tecnoloxía na parte científico-técnica (NON en matemáticas).

Estrutura:

1. Parte sociolingüística (tres probas): Lingua Castelá + Lingua Galega + Ciencias Sociais.
2. Parte matemática (unha proba): Matemáticas.
3. Parte científico-técnica (dúas probas): Ciencias da Natureza + Tecnoloxía.

*Pódese solicitar exención dalgunhas das partes da proba (NON dunha materia concreta), pero só aquelas persoas que cursaran e teñan algúns módulos ou ámbitos aprobados na FPBásica, ESA, PCPI ou teñan un ano de tempo traballado ou un certificado de profesionalidade. A solicitude de exención deberá facerse no momento da inscrición.

*Tamén poden solicitar a exención total da proba aquelas persoas que teñan superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, a proba de acceso a FPGS, das ensinanzas deportivas ou artísticas, ou a proba de acceso a FPGM de ensinanzas deportivas ou artísticas.

CUALIFICACIÓNS:

A nota final da proba calcularase sempre que se obteña polo menos unha puntuación de 4,00 puntos en cada unha das partes (sociolingüística, matemática e científico-técnica) e será a media aritmética destas. Será apto na proba se a cualificación é de 5,00 puntos ou superior; en caso contrario, será non apto. Para calcular a nota media de cada unha das tres partes non é preciso ter unha nota mínima nas materias que constitúen esa parte.

CONSERVACIÓN DA CUALIFICACIÓN OBTIDA NAS PARTE SUPERADAS: Aqueles que non superaran a proba na súa totalidade obterán unha certificación que lles permite manter a cualificación obtida nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a cinco puntos durante un máximo de dous anos. **DÉBESE INDICAR NO MOMENTO DA CUBRIR A SOLICITUDE DE INSCRICIÓN.**

SUPERACIÓN DA PROBA:

A superación da totalidade da proba terá validez indefinida no tempo e permitirá o acceso a CALQUERA ciclo formativo de grao medio a través da cota reservada para as persoas procedentes da proba de acceso. A superación da proba NON é equivalente ao título da ESO, nin a ningún outro título, nin proporciona ningunha titulación.

DATAS:

Prestade ben atención aos prazos e datas. Tedes un calendario de todo o proceso na aula virtual (no apartado do departamento de orientación), na páxina da consellería e no taboleiro de novas do IES.

EXAMES ANTERIORES E MATERIAL:

Tedes exemplos, modelos e material na páxina web da consellería.

CALQUERA INFORMACIÓN:



Ante calquera dúbida ou para calquera información que precisedes, non dubidedes en vir polo departamento de orientación.

¡MOITA SORTE!